



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 18 DE AGOSTO DE 2023.

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

M. CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:10 horas do día 18 de agosto de 2023, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 04.08.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 04.08.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE PARCELACIÓN (EXP. 2019/U018/000002)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente en data 14.08.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 18.08.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

LICENZA DE PARCELACIÓN (EXP. 2019/U018/000002)

O 01/08/2019 (rex. entrada 201900000002721) D.
parcelación urbanística.

presenta solicitude de licenza de

Vista a documentación que consta no expediente e en concreto:



- Visto o informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal favorable de data 14/06/2023.
- Visto o informe xurídico de procedemento e lexislación aplicable da Técnico de Administración Xeral de data 14/08/2023.

Polo exposto, propono á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

1. Conceder a D. ; a licenza de parcelación urbanística solicitada para finca con referencias catastrais, e , sita en lugar Lamelas, incorporando como anexo a copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.
2. A documentación presentada que serve de base para a concesión da licenza é o modificado do proxecto de parcelación de abril de 2023 sen visado asinado por D^a. Carla de Andrés Pérez; dilixénciese o proxecto e planos obxecto desta licenza.
3. Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2020/U007/000005

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente en data 14.08.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 18.08.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2020/U007/000005.

| | |
|--------------------|---|
| EXP. RELACIONADOS: | Expediente nº 2011/008/000006 (Licenza de Edificación) Expediente nº 2016/U003/000003 (prórroga Licenza de Edificación) Expediente nº 2023/U022/000021 (Modificación da Licenza de Edificación) |
|--------------------|---|

Visto que con data 04/08/2020 (rex. entrada nº 202000000002021) D. , presenta solicitude de licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar sita en rúa , (referencia catastral nº).

- Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:
- Visto o informe técnico favorable por parte do Arquitecto Técnico municipal en data 03/04/2023.
 - Visto o informe xurídico de lexislación e procedemento aplicable da Técnico de Administración Xeral de data 10/08/2023.

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

- 1º) Conceder a licenza de primeira ocupación a D. , para a edificación sita na rúa (ref. catastral nº)
- 2º) Notificar o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2021/U022/000024



Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente en data 14.08.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 18.08.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2021/U022/000024

| | |
|--|---|
| OBXECTO: | VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA Inzar Mosende |
| PROMOTORA: | |
| <u>CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:</u> | |
| CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO: | Solo urbano de núcleo rural / solo non urbanizable |
| REFERENCIA CATASTRAL: | |
| ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: | 163.125,42 € |
| DOCUMENTACIÓN PRESENTADA: | Proxecto básico presentado en xullo de 2023 con data de incorporación ó expediente o 20/07/2023. |
| TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO: | Lucía Rodríguez López, arquitecto COAG 5048 |
| TÉCNICO DIRECTOR DAS OBRAS: | Luis Manuel Santalla Blanco, arquitecto COAG 5044 |
| DIRECTOR EXECUCIÓN: | Juan Pablo Feal Miragaya, arquitecto técnico COATAC |
| COORDINADOR DE SE Y SA: | Juan Pablo Feal Miragaya, arquitecto técnico COATAC |
| PRAZO DE INICIO: | 6 meses, segundo o artigo 145 da LSG |
| PRAZO MÁXIMO DE INTERRUCCIÓN DAS OBRAS: | 6 meses, segundo o artigo 145 da LSG |
| PRAZO DE REMATE DAS OBRAS: | 36 meses, segundo o artigo 145 da LSG |
| PRÓRROGAS: | Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente |
| AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: | Resolución de autorización de acceso na estrada AC-566 do Servizo Provincial da Axi en A Coruña (exp. nº IF205D/AC/2021/0031) |
| NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA: | As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes. |
| CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 21/07/2023) | CONDICIÓN PARTICULARES: LICENZA CON EFICACIA DIFERIDA: A documentación achegada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de achegar o proxecto de execución. - AFECCION SECTORIAL: Cumprirse o condicionado das administracións con competencia sectorial, CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020 |

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico favorable por parte do Arquitecto Municipal en data 21/07/2023.
- Visto o informe xurídico de lexislación e procedemento aplicable da Técnico de Administración Xeral de data 10/08/2023.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 21/07/2023.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-39 EN XGL

Vista a Proposta da Alcaldía, de data 14.08.2023, que dí:

“Vista a relacion de facturas que se indican a continuación, que se atopan conformadas e con crédito presupuestario para a súa tramitación e tendo en conta que a competencia da aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE correspóndelle a Xunta de Goberno Local por delegación de alcaldía.

Visto o Decreto de Alcaldía de data 14 de agosto de 2023 de levantamento de reparo.

Visto o informe de intervención municipal de data 14 de agosto de 2023,

PROPOÑO

Primeiro.- Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, e recoñecer e liquidar as obrigascorrespondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

Table with 8 columns: Nº REX, Nº FRA, DATA FRA, CIF/NIF, NOME, TEXTO, PROG, ECON, IMPORTE. It lists four invoices with their respective details and amounts.



| | | | | | | | | |
|-------------|------------|------------|-----------|-------------------------------------|---|------|-------|--------------|
| F/2023/2141 | 23 457 | 31/07/2023 | B27154731 | SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU | RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE JULIO DE 2023 | 1621 | 22700 | 39.873,76 € |
| F/2023/2174 | 2023/1955 | 31/07/2023 | A15379803 | SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE | Tratamento RU Mes Xullo 2023 (AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA) | 1623 | 22799 | 18.325,69 € |
| F/2023/1817 | 20238-0085 | 19/04/2023 | B63350797 | INNOVA22ARROBA S.L | Proyector Epson EB-PU2010B + Lente estándar (Identificador del objeto facturado: Proyector para el auditorio | 920 | 62500 | 13.046,22 € |
| | | | | | | | TOTAL | 141.069,44 € |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. CLUBE DE REMO DE CEDEIRA CON NIF G15138084.

Vista a Proposta da Alcaldía de data 11.08.2023, que dí:

“Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencions dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencions e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada polo Clube de Remo de Cedeira con NIF G15138084.

Visto o informe favorable de Intervención de data 11 de agosto de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada polo Clube de Remo de Cedeira con NIF G15138084.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.937,98€, correspondente á subvención destinada a actividades e 702,45€ correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA “MELLORA NA MOBILIDADE E NA REDE DE DRENAXE NA RÚA REGUEIRO

Vista a Proposta da Alcaldía de data 07.08.2023, que dí:

“Expte. 2023/C003/000006



D.^a Rebeca Sánchez Naveira, con NIF _____ en representación da empresa AMBIENTUM, TRATAMIENTO GLOBAL DEL MEDIO AMBIENTE, S.L., con C.I.F. núm.B70517024, adxudataria das obras “Mellora na mobilidade e na rede de drenaxe na Rúa Regueiro”, presentou a seguinte documentación con data 10.07.2023 (R.E. 2023/999/1525):

- Certificación de obra núm. 3 polo importe de 23.856,35 €
- Fotografías da obra
- documentación xustificativa do control de calidade realizado

Consta no expediente a Acta de Recepción, formalizada o día 31.07.2023.

A factura correspondente á certificación de obra núm. 3, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/1887, de data 10.07.2023, nº de factura 23FAP 11 correspondente á certificación nº 3 da obra “Mellora na mobilidade e na rede de drenaxe na Rúa Regueiro” por importe de 23.856,35 €.

Con data 07.08.2023 emitíuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a certificación de obra núm. 3 da obra “Mellora na mobilidade e na rede de drenaxe na Rúa Regueiro” polo importe de 23.856,35 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.
- 3.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.
- 4.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Vista a Proposta da Alcaldía de data 08.08.2023, que dí:

“Expte. 2021/C003/000005

D. Rubén Ferrero Pérez, con NIF _____, en representación da empresa MERAKI CR S.L., con C.I.F. núm. B06909501, adxudicataria da obra denominada “Substitución do pavimento do polideportivo municipal”, presentou a seguinte documentación con data 02.12.2022 (R.E. 2022/999/2337):

- - Certificación núm. 1 de data 30.06.2023 polo importe de 43.365,25 €
- - Fotografía do cartel da obra, dilixenciada polo director de obra.
- - Documentación xustificativa do control de calidade

A factura correspondente á certificación de obra núm. 1, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:



- Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/1839, de data 03.07.2023, nº de factura 2023_A07_02, correspondente á certificación nº 1 da obra “Substitución do pavimento do polideportivo municipal” por importe de 43.365,25 €.

Con data 07.08.2023 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a certificación de obra núm. 1 da obra “Substitución do pavimento do polideportivo municipal” polo importe de 43.365,25 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.
- 3.- Remitir á Excm. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.
- 4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.
- 5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 391/2023 DE DATA 08.08.2023 - APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DOS XOGOS POPULARES 2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 391/2023 de data 08.08.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DOS XOGOS POPULARES 2023

Conforme ao previsto no artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o municipio ten competencia en materia de promoción do deporte e ocupación do tempo de lecer.

En base ao anterior e no marco das festas patronais da Vila de Cedeira, o Concello considera de interese a organización dos Xogos Populares 2023.

Resultando que dentro do orzamento para o exercicio 2023 figura una asignación para premios de deportes na partida 341.480.00, o Concello como organizador dos xogos asumirá o reparto e pago dos premios, por un importe total de 800,00 euros.

Consta documento de retención de crédito (RC) número 220230006889.

Conforme as atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de data 10 de xullo de 2023, por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.



SEGUNDO.- Aprobar o gasto para a convocatoria dos “XOGOS POPULARES 2023” por un total de 800,00 euros na partida 341.480.00.

TERCEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria, que se incorporan como anexo a presente proposta.

CUARTO.- Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, María del Mar Antón Brage, como Secretaria accidental, dou fe.

ANEXO I

BASES XOGOS POPULARES 2023

No marco das festas patronais da Vila de Cedeira o Concello organiza os Xogos Populares 2023, que se desenrolarán e premiarán conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Os Xogos Terán lugar o día 13 de agosto no Paseo da Mariña a partir das 16:00 horas. Poderán participar tódolos maiores de 14 anos que se atopen inscritos correctamente.

SEGUNDA. A inscrición realizarase de balde, dende una hora antes do comezo dos xogos, será necesario mostrar o DNI ou documento que o substitúa de cada participante. No caso dos menores de idade, terao que presentar o seu titor legal, cumprimentando o modelo de autorización paterna (ANEXO II).

TERCEIRA. A relación de xogos a celebrar e a seguinte: Denominación do xogo Composición dos equipos

| Denominación do xogo | Composición dos equipos |
|----------------------|-------------------------|
| CUCAÑA MARIÑA | MIXTOS 3 PARTICIPANTES |
| TIRADA DE CORDA | MIXTOS 5 PARTICIPANTES |
| CARREIRA DE OVOS | MIXTOS 3 PARTICIPANTES |
| CARREIRA DE SACOS | MIXTOS 3 PARTICIPANTES |
| REGATA DE CHALANAS | 2 PARTICIPANTES |

CUARTA. Os xogos rexeranse polas súas regras tradicionais de común coñecemento. O xurado as explicará aos participantes antes de que comece o xogo. En caso de discrepancia na aplicación das mencionadas regras prevalecerá o criterio do xurado. A decisión dos xuíces será inapelable.

QUINTA. A composición do xurado é a que segue:

Presidente: Noel López López

Secretaria: Carmela Prieto Cal

Vogais: Roberto Pérez Timiraos, María Hermida Díaz, Javier Salgado Beceiro

SEXTA. O xurado estenderá una acta na que se recollerán os equipos gañadores, e o representante que os mesmos determinen ao efecto do cobro do premio. A Acta elevarase a Alcaldía que adoptará a resolución dispoñendo o pago dos premios correspondentes.

SÉTIMA. A contía do premio para cada un dos xogos será a seguinte:

CUCAÑA MARIÑA 150,00 euros

TIRADA DE CORDA 250,00 euros

CARREIRA DE OVOS 150,00 euros

CARREIRA DE SACOS 150 euros

REGATA EN CHALANA 100,00 euros

Resultando un importe total de 800,00 euros que se aboarán con cargo á Partida 341.480.00 do Orzamento municipal para o ano 2023.

OITAVA. As/os premiadas/os deberán solicitar o pago do mesmo, que se fará por transferencia bancaria, aportando certificado de IBAN e copia do DNI da persoa que actúa como representante do equipo, a partir do venres 18 de agosto, no rexistro xeral o una sede electrónica do Concello de Cedeira. No caso de que as/os premiadas/os sexan menores de idade, será o pai, nai ou titor legal do representante do equipo que



deberá aportar o certificado de IBAN e copia do DNI. De xeito excepcional, poderase emitir cheque nominativo a nome da persoa que actúe como representante do equipo gañador.

NOVENA. Os premios están suxeitos a retención por IRPF, segundo a normativa vixente.

DÉCIMA. A participación nos xogos populares supón a total e plena aceptación destas bases.

ANEXO II

MODELO DE AUTORIZACIÓN PATERNA (A CUMPRIMENTAR POLO PAI, NAI OU TITOR LEGAL DOS MENORES DE 18 ANOS)

D./Dª _____, con DNI/pasaporte en vigor número _____, na miña condición de pai/nai/titor legal de D./Dª _____, con DNI/pasaporte en vigor número _____, pola presente AUTORIZO a meu fillo/filla/tutelado a participar na proba de _____ dos Xogos Populares 2023, baixo a miña responsabilidade, e por tanto, eximo ao Concello de Cedeira e aos responsables encargados das probas da responsabilidade sobre todo tipo de lesións ocasionadas pola participación nesta proba.

En _____, a _____ de _____ de 2023

Fdo:

Adxunto copia do meu DNI/pasaporte en vigor.

NOTA IMPORTANTE: Durante a proba poderán realizarse fotografías aos participantes, que serán utilizadas para a promoción dos Xogos Populares polo Concello de Cedeira e que aparecerán na súa web e redes sociais. Ao inscribirse nas probas, os participantes autorizan aos organizadores a reproducir estas fotos.

AUTORIZA: SI NON

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 400/2023 DE 09/08/2023 DE SOLICITUD DE AYUDA PARA EL PROYECTO DENOMINADO "DIGITALIZACIÓN PISCINA CUBIERTA" AL AMPARO DEL PROGRAMA DE AYUDAS A LAS ENTIDADES PÚBLICAS Y TITULARES DE INFRAESTRUCTURAS PARA LA MEJORA Y OPTIMIZACIÓN DE INSTALACIONES Y ESPACIOS DEPORTIVOS QUE FOMENTEN EL TURISMO DEPORTIVO SOSTENIBLE CON CARGO A LOS FONDOS EUROPEOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 400/2023 de data 09.08.2023, que di:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUD DE AYUDA PARA EL PROYECTO DENOMINADO "DIGITALIZACIÓN PISCINA CUBIERTA" AL AMPARO DEL PROGRAMA DE AYUDAS A LAS ENTIDADES PÚBLICAS Y TITULARES DE INFRAESTRUCTURAS PARA LA MEJORA Y OPTIMIZACIÓN DE INSTALACIONES Y ESPACIOS DEPORTIVOS QUE FOMENTEN EL TURISMO DEPORTIVO SOSTENIBLE CON CARGO A LOS FONDOS EUROPEOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA.

Vista la Orden CUD/702/2023, de 26 de junio, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones y ayudas del Consejo Superior de Deportes a entidades públicas titulares de infraestructuras para mejora y optimización de instalaciones y espacios deportivos que fomenten el turismo deportivo sostenible, con



cargo a los fondos europeos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, publicada en el BOE número 155 de 30 de junio de 2023.

Visto que en el artículo 10 de la Orden de convocatoria, se establece un importe total máximo a percibir por cada entidad beneficiaria de 600.000 euros, con independencia de si se presentan uno o dos proyectos en la solicitud.

Visto el proyecto con la denominación “Digitalización piscina cubierta” con un presupuesto de 72.000 € sin IVA y de 87.120 € con IVA incluido.

Por lo expuesto, **RESUELVO:**

Primero.- Avocar la competencia delegada en la Junta de Gobierno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse las circunstancias recogidas no art. 10 da Ley 40/2015 de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público.

Segundo.- Aprobar la participación en la convocatoria y la aceptación expresa del procedimiento regulado por la Orden de convocatoria.

Tercero.- Aprobar la actuación al amparo del Programa de ayudas del Consejo Superior de Deportes a entidades públicas titulares de infraestructuras para mejora y optimización de instalaciones y espacios deportivos que fomenten el turismo deportivo sostenible, con cargo a los fondos europeos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, publicada en el BOE número 155 de 30 de junio de 2023, para la realización del proyecto “Digitalización piscina cubierta” con un presupuesto de 72.000 € sin IVA y de 87.120€ con IVA incluido con el compromiso de dotar presupuestariamente el proyecto, así como financiar el proyecto condicionado a la obtención de la resolución de concesión de la ayuda.

Cuarto.- Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones que componen el proyecto objeto de la ayuda

Quinto.- Dar cuenta de la presente Resolución a la Junta de Gobierno Local en la próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Gobierno Local dáse por enterada.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA Nº 403/2023 DE DATA 14/08/2023 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2023

Dáse conta á Xunta de Gobierno Local da resolución de Alcaldía núm. 403/2023 de data 14.08.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2023

Vista a Orde do 12 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2023 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

Considerando que o artigo 1 establece que o equipamento que se cederá distribúese en 5 liñas: liña 1, kits de material loxístico de seguridade viaria; liña 2, kits de material para as emerxencias no medio acuático; liña 3, kits de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias; liña 4, remolques para a atención ás emerxencias; liña 5, tendas de campaña para emerxencias.

Tendo en conta que no artigo 6 da Orde se establece que a documentación a presentar xunto coa solicitude será un certificado da compañía aseguradora do número de asegurados de Protección civil, certificado ou declaración dos



servizos dos servizos de emerxencia provinciais ou das entidades locais das mobilizacións das AVPC efectuadas no 2020 e certificado de presentación das contas ao Consello de Contas de Galicia.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar la competencia delegada en la Junta de Gobierno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse las circunstancias recogidas no art. 10 da Ley 40/2015 de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público.

Segundo.-Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 12 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2023 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, para a adxudicación, por este orde de preferencia, de:

- 1º- Kits de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias (liña 3)
- 2ª- Kits de material loxístico de seguridade viaria (liña 1)
- 3º- Remolques para a atención ás emerxencias (liña 4)

Terceiro.- Aceptar as condicións das bases reguladoras establecidas en dita Convocatoria

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

12.1 APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL

Vista a proposta da Alcaldía, de data 18.08.2023, que dí:

“APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL

Expediente: 2023/C003/000012

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada “SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL” segundo Memoria técnica de substitución ascensor en auditorio municipal asinado por Héctor González Castro (BRULAR GESTIÓN S.L.) en data 16.08.2023, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 46.566,06 € IVE incluído.

A actuación que se pretende é a substitución do ascensor do centro socio-cultural debido a que éste presenta unha serie de deficiencias polo que o Concello pretende substituílo por outro que permita a mellora da accesibilidade ás instalacións existentes e para un mellor uso e disfrute das persoas usuarias do centro, así como mellorar considerablemente a eficiencia enerxética do edificio mediante a substitución do ascensor hidráulico existente por un ascensor eléctrico de última xeración.

Constan no expediente iniciado para o efecto a seguinte documentación:



-Anteproxecto substitución ascensor en auditorio municipal asinado por Héctor González Castro (BRULAR GESTIÓN S.L.) en data 09.08.2023.

-Acta de reformulo previo asinada dixitalmente en data 09.08.2023 polo Alcalde e o arquitecto redactor do proxecto.

- Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 09.08.2023 iniciando o expediente de contratación.

-Pregos de cláusulas administrativas particulares que han rexer referida contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, asinados pola Alcaldía con data 09.08.2023.

-Memoria xustificativa da necesidade de contratar a obra asinada pola Alcaldía en data 14.08.2023 en cumprimento do disposto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

-Memoria técnica substitución ascensor en auditorio municipal asinado por Héctor González Castro (BRULAR GESTIÓN S.L.) en data 16.08.2023.

-Informe técnico asinado en data 16.08.2023 polo Arquitecto técnico municipal.

-Informe xurídico favorable, emitido pola Secretaría municipal en data 17.08.2023.

-Informe de fiscalización favorable, emitido pola Intervención municipal o día 17.08.2023.

Unha vez vista a documentación que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico denominado Memoria técnica de SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL asinado por Héctor González Castro (BRULAR GESTIÓN S.L.) en data 16.08.2023, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 46.566,06 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación 2023/C003/000012, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, para o proxecto denominado “SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL”.

Terceiro.- Autorizar, en contía de 46.566,06 € (IVE incluído), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.

Cuarto.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR NO CENTRO SOCIO-CULTURAL” por procedemento aberto simplificado abreviado e asinado pola Alcaldía con data 09.08.2023.

Quinto.- Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia do asunto e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:20 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ